

Solucionario

Nome da actividade e Fase

3.3 De repaso

Tipos de palabras

Actividade sobre tipo de palabras

Solución

verbo: palabras que indican accións ou estados de persoas, animais ou cousas

adxectivo: palabras que acompañan ao substantivo dando información e características sobre este.

Pronome: palabra que se utiliza para no nomear persoas, animais ou cousas.

cales son substantivos: valado

determinante posesivo: súa

advectivo de lugar: alí

Ler e completar co tipo de palabra:

A (artigo)	Débeda (substantivo)	Vosa (posesivo)	Virar (verbo)
Á (substantivo)	Dezasete (numeral)	Consello (substantivo)	Gaiola (substantivo)
Abelá (substantivo)	Inchar (verbo)	Sesta (substantivo)	Engaiolar (verbo)
Baleirar (verbo)	Este (demostrativo)	Sexta (numeral)	Dunha (artigo)
Miña (posesivo)	Ungüento (substantivo)	Xiz (substantivo)	Millonésima (numeral)

Actividades de determinantes con obras do Rexurdimento.

Opción 1

Marca os determinantes

A VIRXE DO CRISTAL

Deste val no medio e medio,
entre edras e musgo envoltas,
ergue as torres un castelo,
feito alá n'eras remotas
de pedra de sillería,
cáseque co tempo roxa.
Com'*este* antigo edificio
outro non hai según contas,
pois diz que foi levantado
por unha Princesa moura
dendes da posta do sol
hastra a saída da aurora;
e inda hai vellos que aseguran,
e podía que certo fora,
que debaixo dos cementos
que os altos muros soportan,
deixou a moura Princesa
pra que quen se astreva, morra,

sobre unha trabe en equilibrio

dúas cántaras que asombran:

unha de alquitrán inchida

i outra de moedas e xoias.

De sorte, que quen quixere

coller a que ouro atesoura,

creba unha cántara e morre

feito carbón baixo a outra,

quedándose ó mesmo tempo

sin o santo i a limosna.

A carón deste castelo,

agarimadiñas todas,

ou pola veiga ceibadas,

como bandada de pombas,

as retelladas troneiras

abertas ó sol que as doura,

alcóntranse as brancas casas

da vila de Vilanova.

Vilanova dos Infantes

é vila de grande sona:

n'hai zapateiros no mundo

que batan millo-la sola;

non se cocen en ningures

petadas que aquí non cozan,

e de aquí sán prós teares

Aquí está a gracia dos homes

i a fror i a nata das mozas;

en fin, sólo aquí naceron,

sólo aquí, Martiño e Rosa.

A virxe do Cristal. Fragmento. Curros Enríquez.

Opción 3

Completa cos determinantes que faltan. En ocasións estes determinantes van contraídos con preposicións, polo que debes escribir a contracción

PREMER NO BOTÓN AMOSAR SOLUCIÓN.

SOPA DE LETRAS POÉTICA

SOLUCIÓN DEFINICIÓN:

1.- VERSO

2.- ROSALIANO

3.- CÁNTIGA

4.- POEMARIO

5.- MONDOÑEDO

TURISMO DEVAGAR

A - ALBERGUE

B – BERENGUELA

C – CAMIÑO

D – DEVAGAR

E – ESTANCIA

F – FOGAXE

G – GUÍA

H – ACIBECHERÍA

I – INACCESIBLE

L – LONXEVA

M – MUDAR

N – NÉBOA

O – ORADOR

P – POEMA

Q – QUEIXO

R – RUÍDO

S – SECADOR

T – TABERNA

U – UTOPIA

ACTIVIDADE FIGURAS LITERARIAS

Completa as palabras que faltan

A figura retórica que consiste en establecer unha relación de semellanza ou comparación entre dúas imáxenes, ideas, sentimentos, cuosas, etc. é COMPARACIÓN.

A figura literaria que consiste en atribuir a obxectos ou seres non humanos cualidades propias das persoas é a PERSONIFICACIÓN.

A METÁFORA é unha figura retórica que utilízase para referirse a algo sen nomealo explícitamente, para o cal recórrase a un uso figurado da linguaxe. Por exemplo: Téñote baixo os meus ollos.

A HIPÉRBOLE é unha figura literaria que consiste en esaxerar, aumentando o disminuíndo de xeito excesivo, as cualidades ou características de aquilo do que se fala.



“Título do documento”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)